



CPI de ATIOS
Valdoviño

Programación

**AUDICIÓN
E
LINGUAXE**



OBXECTIVOS:

- Facilitar xs alumnxs a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e escrita.
- Favorecer as posibilidades expresivas da linguaxe mediante a participación activa dxs alumnxs en xogos e conversas.
- Completar outros aspectos da aprendizaxe escolar para que sirva de reforzo a hora de empregar a linguaxe, tanto oral como escrita.
- Espertar nxs alumnxs a conciencia do importante que resulta falar e escribir ben para relacionarnos cos demais.
- Potenciar lectura, propoñendo técnicas que a faciliten, como recurso para acceder a outras áreas de coñecemento.
- Intentar que xs alumnxs asuman a súa dificultade na área de linguaxe, como forma de motivarlles na realización daquelas tarefas que lles conduzan a súa recuperación.
- Manter contactos periódicos cos titores e pais dxs alumnxs para xeralizar as aprendizaxes ou constatar dificultades engadidas.
- Insistir na actividade permanente dxs alumnxs que lles permita reflexionar en cada momento sobre o seu propio proceso de ensino-aprendizaxe.

A partir dos obxectivos xerais da aula de audición e linguaxe e dos obxectivos de etapa e tendo en conta as NEE que presenta cada neno/a, estableceremos uns obxectivos didácticos:

Para acadar os obxectivos, estableceremos os contidos regulados nos decretos de currículo, que traballaremos dende un enfoque globalizador.

Así, os contidos, traballaranse a partir dunha serie de actividades agrupadas en :

- Atención
- Discriminación auditiva

- Respiración e sopro
- Movements articulatorios (praxias)
- Fonética- fonoloxía
- Organización morfosintáctica
- Léxico-semántica
- Pragmática (iniciativa de comunicación) e comprensión
- Lectoescritura

METODOLOXÍA:

Como **METODOLOXÍA** debemos guiarnos polos principios psicopedagóxicos que regulan os currículos de educación infantil e de educación primaria. Tentamos adaptar a metodoloxía ás características do alumnado, baseándoa nos principios de globalización e aprendizaxe significativo. A metodoloxía utilizada na aula de Audición e Linguaxe atendeu ós seguintes principios metodolóxicos xerais:

- 1) Partiremos sempre dos **coñecementos previos**, contribuíndo así a unha aprendizaxe significativa.
- 2) Programar a **xeneralización das aprendizaxes funcionais**.
- 3) Deben fomentarse as **interaccións** tanto **físicas** (co medio) como **sociais** (interacción alumno- mestre e alumnos entre si).
- 4) **O xogo** será o principal medio de ensino- aprendizaxe. O traballo na aula de audición e linguaxe, basearase nunha serie de actividades lúdicas, motivantes e adaptadas ao nivel educativo dxs alumnxs.
- 5) Os contidos serán enfocados dende unha **perspectiva globalizadora**.
- 6) A **organización espacio temporal** será funcional e adecuado as necesidades do alumnado.
- 7) Os **materiais** estarán adaptados ás nee.

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

- 8) Un **reforzo positivo** ao longo de toda a actividade axudará a mellorar a motivación e a autoestima dos nen@s.
- 9) As actividades faranse en **diferentes contextos** para favorece-la xeneralización do aprendido.
- 10)O tratamento será **individualizado** e os horarios flexibles e dirixidos á integración dos nenos/as co resto do alumnado do centro, participando en todas as actividades complementarias programadas no mesmo.
- 11) **Partirase sempre das capacidades, intereses e motivacións** de cada nena/o e tívose en conta o ritmo da aprendizaxe e as necesidades educativas deste alumnado, individualizando o proceso de ensino-aprendizaxe.
- 12)As actividades de aprendizaxe estruturaranse sistematicamente cun **grao de complexidade crecente**.
- 13)Empregáronse **técnicas de relaxación** para diminuír a ansiedade e controlar o ton muscular.

En canto a **MODALIDADE DE APOIO E ORGANIZACIÓN** do mesmo, podemos dicir que en base aos informes existentes no centro de anos anteriores, as informacións aportadas por diversas fontes (Departamento de Orientación, titores, etc..) e, tendo en conta que, nalgún caso, están pendentes dunha nova valoración, tanto os casos xa existentes como as posibles novas incorporacións, as estimacións respecto ao alumnado que recibirá apoio na aula de audición e linguaxe serán os seguintes:

As nee destxs alumnxs son variadas: dislalias, pobreza de vocabulario, retraso na linguaxe, dous casos de fisura palatina, dous casos de alteracións motórica, outro de deficiencia auditiva e, deficiencias nas técnicas instrumentais básicas (principalmente de lectoescritura).

xs nenxs recibirán apoio dentro e fora da aula, en función das necesidades educativas que presenten. A decisión de recibir apoio fora da aula é no seu propio beneficio e para un maior aproveitamento do programa de intervención. Algúns destes alumnxs tamén reciben apoio de PT.

Hai que ter en conta que o número de alumnxs con neae pode variar ao longo do curso.

RECURSOS:

Os **RECURSOS** cos que contamos son:

a) **RECURSOS PERSOAIS**: contaremos sempre coa colaboración, coordinación e axuda de :

- A xefa do Departamento de Orientación.
- O director.
- A xefa de estudos.
- O/a mestr@ titor@.
- As mestras de PT.
- Resto do equipo docente que interveñan directamente cos nosos alumn@s con nee.

b) **RECURSOS MATERIAIS**: entre outros temos:

- Discriminación auditiva: radio, cds, dvds,...
- Fonética e fonoloxía: lotos fonéticos de Marc Monfort, lotos de oficios, de accións,... programa CICERÓN, Memory, Fonodil 1 e 2.
- Semántica: vocabulario en imaxes, familias semánticas, memory, lotos,...
- Morfosintaxe: tren de palabras de Marc Monfort, “Enséñame a hablar” de Grupo Editorial Universitario, lotos de accións, historias para ordear, láminas,...
- Pragmática: cancións, refráns, xogos,...

RELACIÓN DE MATERIAIS:

- Colección LEER (1,2 e 3)
Marc Monfort-Rocío Higuero
Editorial CEPE. 1998
- “Discriminación auditiva y logopedia. Manual de ejercicios de recuperación”
Inés Bustos Sánchez
Editorial CEPE. 1995
- “Actividades de comprensión lectora”
Julia Chavarino Cuenca
Editorial Disgrafos. 1990
- “CICERON. Programa para la adquisición y desarrollo de la capacidad
articulatoria”.
M^a Paz Seivane Cobo
Editorial CEPE. 1998
- “Estimulación del lenguaje” (tomos 1,2,3,4 e 5)
Isabel Dominguez Torrejón-Hector Sanguinetti Agustini
Editorial CEPE. 1998
- “Aprendo a pronunciar la erre”
M^a Carmen Bragado Felices
Editorial Escuela Española. 1993
- “Meta-lenguaje/1 (lectura y escritura)”
Antonio Vallés Arándiga
Editorial Promolibro. 1999
- “Meta-lenguaje/2 (habilidades sociales y solución de conflictos
interpersonales)”
Antonio Vallés Arándiga
Editorial Promolibro. 1999
- “Conciencia fonológica”
Antonio Vallés Arándiga
Editorial Promolibro. 1998

MATERIAL DIDÁCTICO:

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

- LECTO FOTO – akros. Autodictado.
- FONO-IDENTIC. Nardil
- FONODIL. El juego de los fonemas.
Nardil-Creaciones didácticas
- FONODIL-2

MATERIAL INFORMÁTICO:

- SPEECHVIEWER III. Programa para sordos. CD-ROM español.
- Programa EAR: Programa visualizado para la enseñanza de la articulación. Enseñanza asistida orientada a la desmutización, exploración y corrección de trastornos fonológicos
Santos Borregón Sanz-Agustina González Calvo
- JUEGA CON LALO: “El bosque de las palabras”
“La selva de las oraciones”
- SONIDOS Y PRONUNCIACIÓN
- COLECCIÓN DE JUEGA CON PIPO
- DILISGA
- DISTINTAS APPS PARA DISPOSITIVOS MÓBILES ANDROID, COMO O PICTODROID LITE, DOMINO, MEMORY, PIKTOPLUS,
- LETRAS: mayúscula y minúscula.
- Outros programas educativos e ferramentas de autor:
 1. CLIC
 2. LIM
 3. ADIBU
 4. ARDORA
 5.

AVALIACIÓN:

En todo plan de actuación, levarase a cabo unha **AVALIACIÓN INICIAL**, que nos permite coñecer e valorar a situación de partida dxs alumnxs e comezar cunha intervención axeitada ás necesidades, intereses e posibilidades dxs nenxs. Tamén levaremos a cabo una **AVALIACIÓN CONTINUA** para comprobar os avances dxs nenxs e ir adaptando e axustando a resposta educativa ás súas necesidades cambiantes, a medida que se vai desenvolvendo o plan de intervención. X nenx levará cada trimestre un informe sobre os seus progresos e dificultades. A



Avda. de San Sadurniño 19
15552 Valdoviño
Tlfno:881938106 / 881938107
cpi.atios@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>
Cód. Centro: 15018148

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE:

AVALIACIÓN FINAL, para determinar o grao de adquisición dos obxectivos, a adecuación ou non da resposta educativa e como medio de avaliar a nosa propia práctica docente.

Por último dicir, que todo plan de traballo require indiscutiblemente da **COORDINACIÓN** co mestre titor, co resto do equipo docente e co departamento de orientación do centro. Tamén será de vital importancia a coordinación coa familia, coa finalidade de determinar as NEE, acadar obxectivos e, xeralizar as aprendizaxes.

En Valdoviño a, 30 de setembro de 2021

Asdo.: Juan Ramón Alonso García
(Profesor especialista en Audición e Linguaxe)